


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

19-20 de outubro do 2024

XXIX ORDINARIO B



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

🎵 n° 4 Amigos nas penas

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Ser felices é algo que todos desexamos e todos intentamos, pero non todo serve para conseguilo. A semana pasada Xesús amosábanos que a felicidade non consiste en ter e acumular.

Hoxe Xesús co exemplo da súa vida vai ensinar que a felicidade tampouco está en ser máis que os demais. É pequena a felicidade de ter aos demais ao noso servizo.

Os apóstolos Santiago e Xoán queren ese poder, queren ser dos importantes e primeiros á beira de Xesús, pero vai ser el mesmo o que lles amose que o seu camiño ten de poder o amar e facer ben aos demais aceptando que a incomprensión e o sufrimento forman parte dese servizo para procurar o ben da xente.

Que a celebración de hoxe nos afaste da carreira de querer ser máis que os demais, unha carreira que non leva a ningures. Pola contra, acordémonos dos veciños e veciñas desas terras e pobos de Líbano, Israel e sobre todo en Palestina.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Invoquemos a misericordia de Deus polas veces que facemos da nosa vida desexo de ter aos demais ao noso servizo. Queremos pedir perdón porque queremos facelo mellor:*

Monitor/a

➤ Porque andamos tan a presa que só temos tempo para nós mesmos e non nos damos conta de quen espera a nosa man. **SEÑOR, DÁNOS A TÚA FELICIDADE**

➤ Porque entendemos que o poder e o diñeiro son os camiños do ben, e non nos damos conta de que o verdadeiro ben está no servizo aos demais. **CRISTO, DÁNOS A TÚA FELICIDADE**

➤ Porque soñamos a riqueza en vez de soñar o compartir, soñamos o noso éxito aínda que sexa a costa dos demais. **SEÑOR, DÁNOS A TÚA FELICIDADE**

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, confiamos que o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos esta parte da celebración poñendo nas mans de Deus as nosas intencións para esta semana. Temos dereito a ser felices pero non todas as felicidades son dignas. Que a nosa sexa ao xeito de Xesús.*
(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
concédenos sempre sermos xenerosos contigo,
que te sirvamos de todo corazón,
servindo aos nosos irmáns e irmás,
como fixo coas súas palabras e cos seus feitos
Xesucristo, noso irmán e Señor,
que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Na vida é imprescindible ser e sentirse felices. Pero recórdanos Xesús que a verdadeira felicidade non está nas cousas que acumulamos, tampouco está no poder que temos sobre os demais. escoitemos o consello que Xesús lle dá a Santiago e Xoán. Quizais tamén sexa para nós.*

Leccionario I B páx

Is 53, 10-11

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DA PROFECÍA DE ISAÍAS

O Señor quixo esmagalo co seu sufrimento:
Si, entrega a túa vida en expiación polo pecado.
Pero el verá descendencia, alongará os seus días
e por medio del cumprírase a salvación do Señor.

Polos traballos da súa vida verá a luz,
alcanzará a sabedoría.

O Xusto volverá xusto o seu Servo
para o ben de moitos
e as iniquidades destes el soportará.

Palabra do Señor

♪ 50 *Na tardiña baixa da vida* SALMO

(en pé) *Leccionar I B páx 261* Mc 10, 35-45 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela achegándose a Xesús os fillos de
Zebedeo -Santiago e mais Xoán-, dixéronlle:

- Mestre, nós queriamos que nos fixeses o que che imos
pedir.

El preguntou:

- E logo, que é o que queredes que vos faga?

Contestáronlle:

- Concédenos que na túa gloria sentemos un á túa dereita
e outro á túa esquerda.

Respondeulles Xesús:

- Vós non sabedes ben o que pedides. Seredes capaces
de beber o cáliz que eu teño que beber, e recibir o
bautismo que eu teño que recibir?

Respondéronlle:

- Somos.

Xesús replicou:

- O cáliz que teño que beber, si que o beberedes, e tamén
recibiredes o bautismo que eu teño que recibir, pero o
sentardes á miña dereita ou á miña esquerda, iso non
depende de min o concedelo, senón que é para os que
está reservado.

Ao escoitaren isto, os outros anoxáronse con Santiago
e con Xoán. Entón Xesús chamounos e díxolles:

- Xa sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan e que
os poderosos os asoballan. Pero entre vós non pode ser
así. Nin moito menos, quen queira ser importante, que
sirva os outros, e quen queira ser o primeiro, que sexa o
máis servicial. Que o Fillo do Home non veu a que o
sirvan, senón a servir, e a entregar a súa vida en rescate
por todos.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para
acoller a palabra no corazón





Que espabilados Santiago e Xoán: queren ser os importantes e os primeiros á beira de Xesús. Buscan poder, e que os demais estean ao ser servizo. Queren esa felicidade de ser máis que os demais.

Que diferente é a proposta de Xesús: queredes ser os primeiros e importantes? pois sede os máis serviciais.

Aquí está o cerne do que para Xesús é a felicidade.



(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *No evanxeo de hoxe Xesús convídanos a seguir o seu xeito de vida, quere de nós unha resposta sincera e clara polo servizo para ser verdadeiramente felices. Esta é a fe que dá sentido á nosa vida:*

♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai, que nos convida a facer unha nova creación dende abaixo, dende o lugar dos “últimos”?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, que nos descubre a grandeza divina do noso servizo aos irmáns como felicidade que enriquece o corazón?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo, que alenta no corazón da humanidade para facer felices aos demais aínda que sexa dende a dor e a incomprensión?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa da caridade que fuxe do prestixio e dos honores, do lugar do poder e da forza, para ser terra de liberdade e servizo para todos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *No teu camiño de entrega e de axuda, atopamos, Xesús, a razón da nosa vida e a nosa felicidade plena. Dicimos:*

APRÉNDENOS A SER FELICES, SEÑOR

Monitor/a:

- ✓ Señor, queremos ser felices na nosa parroquia e en Os Cotos aprendendo maneiras concretas de axudarnos. Fai que atopemos sempre o mellor xeito de dar unha man. Oremos
- ✓ Señor, queremos ser felices aquí contigo escoitándote no convite de facernos servidores dos demais. Fai que deamos exemplo na casa, no traballo, na vida de cada día. Oremos
- ✓ Señor, queremos ser felices, por iso rezámosche polas familias de O Líbano, Israel e Palestina que nunha escandalosa violencia sofren a perda de bens imprescindibles e se ven coas mans baleiras, oremos
- ✓ Señor, queremos ser felices coidando e compartindo unha natureza rural e viva, sen os abusos dos muíños eólicos, oremos

Celebrante: *Señor Xesús, confiamos en que non nos deixas da túa man, pois queremos ser e dar exemplo de que compartir e servir é a felicidade que leva a Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Acudimos ao Pai de todos suplicándolle non caer na tentación de Santiago e Xoán, de querer ser os primeiros e importantes. Rezámolo agora no que temos aprendido de Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Non queremos un lugar de honor, sentímonos honrados na loita pola solidariedade e a igualdade. Neste momento desexamos que os máis esquecidos pola sociedade poidan percibir unha man de paz na súa vida. E dende logo que a perciben cando as nosas mans non son para ser os primeiros senón para que cheguen os últimos. Sementemos paz coa nosa vida e fagámonos cribles.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Os discípulos tiveron que ir descubriendo pouco a pouco a proposta de Xesús. Para El vivir non é estar por enriba de todos, vivir é máis ben estar ao servizo dos demais ofrecendo o mellor.*

Sintámonos orgullosos por vivir a fe a exemplo de Xesús, compartindo e non competindo, e orgullosos tamén por poder enchernos de vida con este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 48 O pouco que Deus nos dá**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Ti aléntasnos coa túa Palabra e aliméntasnos cos teus sacramentos.

Que este pan de vida nos dea forza e coraxe para entregar a nosa vida ao servido de todos.

Pedímolos por Cristo noso Señor. Amén

Xesús móstranos que todos podemos ser testemuñas de compromiso, xustiza e paz.

Que saibamos acoller aquilo que o mesmo Xesús nos mostra no evanxeo de hoxe: “Non vin a ser servido, senón a servir” e comprometámonos a facelo.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

🎵 **nº 56 Ide e pregoade**

Podémonos ir en paz. Amén



“Entre vós non pode ser así.

*Nin moito menos, quen queira ser importante,
que sirva os outros,
e quen queira ser o primeiro,
que sexa o máis servicial”*

Exemplo que nos dá Xesús no evanxeo de hoxe.